

# Convocatoria do I Concurso de Ideas Emprendedoras: 2 MINUTOS PARA A TÚA IDEA!

O IES Punta Candieira presenta as bases da participación no primeiro concurso de Ideas Emprendedoras: **2 MINUTOS PARA A TÚA IDEA!**

É un concurso de ideas de negocio para dar a oportunidade ao noso alumnado emprendedor de dar un paso adiante coas súas ideas, dándoas a coñecer. Os/as estudantes/emprendedores poderán presentar as súas ideas e optar aos diferentes premios.

Este concurso encóntrase no marco da Aula de Emprendemento.

É unha actuación financiada polo *Ministerio de Educación y Formación Profesional no marco do Programa de Cooperación Territorial: Plan de Formación Profesional para el Crecimiento Económico y Social y la Empleabilidad*, e pola Unión Europea-NextGenerationEU (*Reparto de 2022*) no marco do *Mecanismo del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia*.

## Obxectivo do concurso

O obxectivo do concurso **2 MINUTOS PARA A TÚA IDEA!** é fomentar a iniciativa emprendedora e impulsar a creatividade do noso alumnado. Para iso, o presente concurso ten como finalidade promover ideas que poidan desenrolarse en proxectos viables de empresa no futuro.

Os obxectivos específicos que se queren alcanzar son:

- Premiar e promover o desenvolvemento de ideas creativas e innovadoras no IES Punta Candieira.
- Promover a cultura emprendedora no Centro.
- Dinamizar e diversificar o emprendemento entre o noso alumnado.
- Presentar o autoemprego como una opción viable para a inserción laboral.

## BASES

### Participantes

O concurso vai dirixido a **todo o alumnado** do *IES Punta Candieira* matriculado no presente **curso 2022/2023**.

### Categorías

Hai tres categorías de participación:

- ✓ Categoría A: para estudantes de FP Básica, Ciclos Formativos de Grao Medio e de Grao Superior.
- ✓ Categoría B: para estudantes de Bacharelato.
- ✓ Categoría C: para estudantes de Educación Secundaria Obrigatoria.

En cada unha delas premiaranse as dúas mellores ideas.

### Prazo de presentación

A recepción de vídeos explicativos estará aberta do **01 de Marzo ao 31 de Marzo de 2023**. Non se aceptarán novas propostas despois da data de peche.

### Fases do concurso

1ª Recepción de Ideas. Presentación de candidaturas. Os/as participantes deberán presentar as súas candidaturas a través do formulario disponible online na páxina web do IES Punta Candieira ou dos carteis publicitarios. Os vídeos deberán enviarse a través de dito formulario.

2ª Selección de Ideas. Finalizado o prazo de recepción de ideas, o Xurado procederá a comprobar o cumprimento dos requisitos. Seleccionaranse as mellores ideas en función dos criterios de avaliación descritos nas presentes bases.

3ª Fallo do Xurado e entrega de premios.

## Criterios para a creación e o envío dos vídeos

- ✓ Deberá presentarse **un vídeo explicativo cunha idea orixinal**.
- ✓ Admítense ideas de empresa que poidan aproveitar oportunidades de negocio en calquera sector de actividade, e tamén no relacionado coas familias profesionais que se imparten no Centro.
- ✓ Ten que transmitirse de forma clara e sinxela.
- ✓ Deberá ser inédito e de nova creación. A responsabilidade legal ante calquera reclamación relativa a dereitos de autoría recaerá sobre a persoa ou grupo de persoas que o presenta.
- ✓ Terá un tempo **mínimo de 40 segundos e máximo de 120 segundos**.
- ✓ Permitirase presentar ideas de titularidade individual ou compartida por dúas ou máis persoas, ata un **máximo de catro participantes**.
- ✓ Cada participante ou grupo de participantes poderá presentar un único vídeo.
- ✓ O vídeo poderá seguir o seguinte guión:
  - Título da idea.
  - Orixe e descrición da idea.
  - Posta en marcha da idea.
- ✓ Os vídeos deberán **enviarse a través do formulario dispoñible online** na páxina web do IES Punta Candieira ou nos carteis publicitarios.
- ✓ Os/as participantes responderán da veracidade dos datos facilitados para que a inscrición sexa considerada válida.
- ✓ Serán motivo de descualificación os vídeos que:
  - Non se axusten ás bases desta convocatoria.
  - Podan resultar ofensivos, irrespetuosos ou vulneren as NOFC do centro.

## Criterios de valoración

Só se valorarán as ideas admitidas a concurso.

Estes son os criterios, valorados de 1 a 5 puntos:

- Presentación da idea.
- A idea satisface unha necesidade no mercado?
- A idea pode levarse á práctica (viable)?
- A idea é orixinal, innovadora e diferente?

Os gañadores das tres categorías serán seleccionados por un xurado composto por: un/unha membro do Departamento de FOL, un/unha membro da Dirección, un/unha membro do Departamento de Tecnoloxía e un/unha membro de cada unha das familias profesionais do IES Punta Candieira.

O xurado pode decretar que algún dos premios quede deserto.

En calquera caso, o fallo será inapelable.

### Premios do concurso

**En cada unha das tres categorías** premiaranse as 2 mellores ideas. Recibirán un diploma acreditativo emitido polo Centro e unha tarxeta agasallo:

- 1º Premio, unha tarxeta agasallo de 200 €.
- 2º Premio, unha tarxeta agasallo de 100 €.

**A entrega de premios terá lugar a finais do mes de Abril.** Os gañadores das distintas categorías, así como o lugar, día e hora poderá consultarse na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/centros/iespuntacandieira>

Ademais os vídeos gañadores poderán ser publicados en plataformas dixitais e redes sociais con finalidades didácticas e para a publicidade do evento.

### Aceptación das bases e resolución de dúbidas

A interpretación das bases e calquera decisión referente ao concurso correponde aos organizadores do concurso.

As bases do concurso pódense consultar na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/centros/iespuntacandieira>

**A participación no concurso implica a plena aceptación destas bases.**

No caso de que o desenvolvemento desta actividade, se vexa afectado por situacións de caso fortuíto ou forza maior e non poida levarse a cabo, a Organización poderá cancelar o concurso sen que os/as participantes poidan facer reclamación algunha por iso.

Para resolver calquera dúbida, pódese escribir unha mensaxe de correo electrónico á dirección [aulaemprendemento@gmail.com](mailto:aulaemprendemento@gmail.com), co asunto “Dúbida Concurso Ideas Emprendedoras”.

Cedeira, a 28 de Febreiro de 2023